



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, SUBGRUPO A2 (EXPDTE. 2023/E001/000002)

FASE DE OPOSICIÓN. SEGUNDA PROBA. CASO PRÁCTICO

En Ordes, a 13 de novembro de 2023, sendo as doce horas réunese a distancia por medios electrónicos (videoconferencia) o Tribunal que ha de xulgar o PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, SUBGRUPO A2, convocada por resolución de alcaldía nº 419/2023, de data 20 de marzo de 2023.

Asisten:

- . **Presidente:** María José Nartallo Penas, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **1º Vogal:** Javier Siro Suárez Rodríguez, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **2º Vogal:** Andrés Luis Blanco Villares, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala Técnica.
- . **3º Vogal:** Beatriz Oveja Villafañe, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **Secretario:** Juan Luis González Iglesias, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, pasándose seguidamente á cualificación provisional (0 a 10 puntos) da Segunda proba, Fase oposición, consistente na resolución de varios casos prácticos, determinados polo tribunal e relacionados cos temas comprendidos no Anexo III da presente convocatoria.

Os criterios xerais de corrección desta proba aplicados polo Tribunal son os seguintes:

1. Aproximación á descrición e contido da normativa aplicable no esencial; esta puntuación incrementarase ou diminuirá na correspondente proporción en función da súa aproximación ao devandito contido.
2. Concreción das respostas dadas, a motivación destas e a contestación de todas as singularidades de cada resposta segundo o establecido na normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.

O Tribunal outorga as puntuacións provisionais seguintes:

ASPIRANT E	CP1. 1	CP1. 2	CP1. 3	CP1. 4	CP1. 5	CP2. 1	CP2. 2	CP2. 3	CP2. 4	CP2. 5	CP2. 6	CP2. 7	CP3. 1	CP3. 2
20200578	0,000	0,467	0,267	0,000	0,167	0,333	0,381	0,476	0,476	0,000	0,476	0,476	1,667	1,333
20200589	0,000	0,533	0,267	0,000	0,000	0,286	0,333	0,381	0,476	0,000	0,476	0,476	1,333	1,167
20200579	0,400	0,400	0,667	0,133	0,667	0,238	0,286	0,476	0,000	0,000	0,476	0,476	1,333	0,667
20200567	0,533	0,333	0,400	0,000	0,400	0,381	0,429	0,476	0,476	0,000	0,476	0,476	1,167	1,333
20200600	0,667	0,667	0,533	0,000	0,000	0,333	0,333	0,476	0,476	0,000	0,476	0,476	1,333	1,333

(*) Cada caso práctico valorouse cun terzo da puntuación total (10 puntos).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

(***) Cada unha das cuestións dos casos prácticos valorouse en función do número de preguntas de cada caso práctico, dividindo a puntuación correspondente a cada caso práctico entre o número de preguntas que se formulan en cada un deles.

ASPIRANTE	CP1	CP2	CP3	TOTAL
20200578	0,901	2,618	3,000	6,519
20200589	0,800	2,428	2,500	5,728
20200579	2,267	1,952	2,000	6,219
20200567	1,666	2,714	2,500	6,880
20200600	1,867	2,570	2,666	7,103

Polo tribunal acórdase publicar a cualificación provisional da segunda proba, caso práctico, da fase de oposición na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello. Concedendo aos aspirantes un prazo de cinco días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

Recursos: Por tratarse dun acto de trámite (art. 112.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro), non cabe recurso en vía administrativa.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as doce horas e vinte e oito minutos do día ao principio sinalado.

Ordes, na data da sinatura electrónica.

A Presidenta
María José Nartallo Penas
(asinado dixitalmente)

O Secretario
Juan Luis González Iglesias